

ARTE



Unha das obras do fotógrafo ferrolán Vari Caramés que se expoñen no Espacio de Arte do Grupo Correo Gallego

A esencia do fuxitivo na fotografía de Vari Caramés

► A cámara rastreou o lugar para ser accionada no momento determinado, no que actuaron vibracións especiais para convertela case nunha obra mestra

FÁTIMA OTERO • SANTIAGO

N unha feliz coincidencia, o espacio de arte de EL CORREO GALLEGO acollía o pasado día 24 de xuño a inauguración da exposición do fotógrafo de orixe ferrolán Vari Caramés, ó mesmo tempo que o diario da capital de Galicia estreaba o seu novo e moderno deseño. Non foi casualidade que un periódico con case 125 anos ó lombo, pero en proceso de renovación e actualización constantes, convidase ese día a quen, coa mesma orixe, Ferrol, foi desde os seus comezos coa súa primeira cámara fotográfica, regalo do seu pai, un renovador constante da imaxe fotográfica.

A grandeza da comunicación reside en que funciona como o necesario nexa que une a esa sociedade dispersa

que é o gran público. Conta-lo que acontece, analízalo, investigalo e poñelo ó alcance do cidadán é un dos grandes valores do noso tempo. Ser testemuñas, notarios da actualidade é rescatar cada día a memoria colectiva para que non se perda no esquecemento.

Unha das canles comunicativas máis primitivas, indisolublemente unidas ós primeiros baños públicos, muros, bosques ou outro tipo de contedor, foron os 'graffitis', textos e debuxos que encerran ideas e sentimentos espontáneos propios dun momento determinado e frecuentemente levados a cabo por creadores anónimos con inquietudes de todo tipo, que non encontraban mellor canle para transcender ou rebelarse.

Retor eses 'graffitis' foi un dos obxectivos impostos pola cáma-

ra de Vari Caramés. No pequeno, pero ben aproveitado, espacio de arte de EL CORREO expóñense un total de once obras fotográficas, apropiándose da sede do periódico como determinados elementos se apropiaron doutros contedores urbanos. Hai imaxes moi suxerentes, entre elas o marco do cadro dunha nena tirado nun contedor; a pasarela sobre a que desfila o negativo dun burriño tranquilo e seguro na súa pose, (son moitos e variados os animais domésticos que desfilaron ante a súa cámara); o muro de ladrillo que prohibe aparcar un coche ou outras curiosidades, entre a que destaca o cadro dentro da foto cunha antiga máquina de coser anunciando "se cojen puntos a las medias" (sic).

En todas elas se percibe o gusto polo encadramento xeométrico

da escena xogando con liñas rectas ou oblicuas que fan do espacio unha abstracción debedora da vangarda artística. Estas pintadas deixaron pegada nunha obra que remite á orixe do artista, a unha tradición galaica rica en petroglifos celtas, e é pola súa vez metáfora dun vivir profundamente humanizado que a áxil cámara de Vari Caramés "fossiliza" en cada imaxe.

A sombra do vivir cotián (tódalas fotografías son en branco e negro), na que se suceden repentinos cambios, queda captada na imaxe dun automóbil en circulación, ó paso do cal se reflicte o cartel repetido dun anuncio publicitario. O que aparenta realidade é só espellismo para o interese deste recoñecido fotógrafo interesado en indagar máis alá do puramente superficial.

CINE

Irons, o vingativo de 'El cuarto angel'

MIGUEL SUÁREZ ABEL • SANTIAGO



Jeremy Irons

Nin con cita bíblica se salva a película *El cuarto ángel*, na que intervéñen o bo actor Jeremy Irons, ultimamente pouco acertado na elección dos seus papeis. Dirixida por J. Irvin coa artesanía propia de quen xa leva anos no oficio, esta coprodución entre Reino Unido e Canadá máis parece unha típica cinta de acción desas made in USA das malas de verdade.

O asunto é tan simple como sen substancia. Un editor voa coa súa familia á India, uns terroristas cobran un rescate e matan a 15 persoas, entre elas a muller e dúas fillas do editor, e este, despois de comprobar que os asasinados andan ceibos, decide pola súa conta toma-la xustiza pola súa man. Tiros. Incongruencias. Frivolidade nas decisións. Falsos problemas éticos. Resolución catastrófica. Péssima condución dunha trama sen sentido, débil, anémica en tódolos sentidos. Tan previsible como inxustificable.

Como resultado atopámonos cun actor como Irons convertido nun vingativo e ridículo home de acción que, por máis que saiba suar, non hai maneira de aceptalo cargando metralletas, saltando muros, pegando tiros de xeito descontrolado, perseguindo o mal coas artes do demo. Un papel ridículo para un actor que ten deixados creacións fermosas apegadas ó seu rostro. Unha historia inútil, baleira, traidora, que só parece agocha-la intención de dar azos para facer crer estupidamente que é posible e xusto toma-la xustiza pola man. Tan frouxa é a trama, tan insulso o contido, tan inexistente a tensión que, pretendendo pura e frenética actividade, o espectador pode abri-la boca en máis dunha ocasión. O resto dos actores, nin existen. O pobre Forest Whitaker debe acomodarse a un papel tan inconsistente coma o conxunto do filme, Charlotte Rampling podería non aparecer e non se notaría e Jason Priesley serve para ensinar algunha camisa e gravata perfectamente conxuntadas. Nada. Tería que vir un verán dos demos como para refuxiarse nun cine a ver películas coma esta.

A DEPUTACIÓN DE OURENSE

COA NOSA

CULTURA

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE